



ACTA NÚM. 5 DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A
CONTRATACIÓN DUN/HA TÉCNICO I ESPECIALISTA EN CARACTERIZACIÓN MOLECULAR DE
VARIEDADES DE CASTIÑEIRO MEDIANTE A MODALIDADE CONTRACTUAL DE REALIZACIÓN DE
PROXECTOS ESPECÍFICOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA PARA O
DESENVOLVEMENTO DOS OBOXECTIVOS DO PLAN DE INNOVACIÓN E MELLORA FORESTAL DE
GALICIA

ASISTENTES

Presidente: Enrique Martínez Chamorro

Secretario: Eva M^a Prada Ojea

Vogais: M^a Eugenia Miranda Fontaíña, Margarita Alonso Santos

En -Pontevedra, no Centro de Investigación Forestal de Lourizán, sendo as 10 horas do 6 de xullo de 2018, reúnese a comisión que cualificará o proceso selectivo para a Contratación dun/ha Técnico I especialista en caracterización molecular de variedades de castiñeiro mediante a modalidade contractual de realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento dos obxectivos do Plan de innovación e mellora forestal de Galicia nomeada por RESOLUCIÓN da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, Ingacal, de 14 de maio de 2018 coa asistencia das persoas antes relacionadas, e coa seguinte orde do día:

- Punto primeiro.- Apertura da 2^a fase do proceso selectivo: realización da entrevista. Aberta a 2^a fase do proceso de contratación, procedeuse a realizar a entrevista ao único candidato que, segundo as bases, superou a 1^a fase do proceso selectivo.

Formúlanselle catro preguntas sobre as materias relacionadas no Anexo III das bases da convocatoria, nas que o candidato obtén a puntuación indicada de xeito respectivo:

1^a.- ¿Cales son os principais usos dos microsátélites no programa de mellora do castiñeiro do CIF de Lourizán?. (2/15 puntos)



2ª.- ¿Cales son os problemas metodolóxicos principais que ten a asignación de individuos a diferentes clases xenealóxicas?. (3/15 puntos)

3ª.- ¿Cales son as fases do traballo dende que entran as mostras ata a obtención de resultados?. Equipos empregados. (3/15 puntos)

4ª.- A transferibilidade de resultados de xenotipado entre laboratorios ou entre persoas. Cales son as medidas a tomar para que os resultados sexan transferibles. (2,5/15)

A puntuación acadada polo candidato nesta 2ª fase do proceso é de 10,5 puntos, que sumados aos 57,55 puntos conseguidos na 1ª fase fan un total de 68,05 puntos.

• Punto segundo.- Aprobación e publicación da listaxe provisional coa puntuación total do proceso selectivo. Apróbase a publicación da listaxe provisional coa puntuación total do proceso selectivo conforme se reflicte no seguinte cadro:

Fernández Cruz, Javier		DNI: 36104655Z
		PUNTUACIÓNS
1ª FASE: BAREMO DE MÉRITOS		57,55
2ª FASE: ENTREVISTA		10,5
	TOTAL	68,05

E non habendo outros asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 10.30 horas, no lugar e data sinalados no encabezamento. O que certifico como secretario da comisión co visto e prace do seu presidente.

Vº e prace

O presidente

Asdo.: Enrique Martínez Chamorro

A secretaria

Asdo.: Eva Mª Prada Ojea